

O pasado 28 de Xaneiro do 2019, e asinado pola Xerenta de Xestión da área de Santiago/Barbanza o prego de condicións técnicas para o suministro de uniformidade e nas que se fai constar unha serie de requisitos referentes a gramaxe, resistencia, composición...


Se miramos máis polo miúdo nas características da casaca unisex do pixama de traballo, especificase varias condicións en canto ao deseño, así referénciase número de bolsillos así como as dimensións dos mesmos e outras características.

Co deseño actual en forma de casaca, en toda a uniformidade hospitalaria, @s casacas son arrastradas pola cabeza d@s traballador@s á hora de sacar o uniforme. Ante calqueira eventualidade, salpicadura, vómito ou mesmo contaminación, non hai outra forma de sacar a casaca que non sexa a de arrastrar pola cabeza a uniformidade coa problemática que conleva tanto dende o punto de vista hixiénico como de seguridade. A substitución desta casaca de traballo pola chaqueta que se proporciona non é unha opción, xa que esta última está deseñada para pór por riba desa casaca.

Nestes momentos estamos a ver como en outros servizos de saúde, esta uniformidade xa non é empregada pol@s traballador@s, sendo substituído por uniformidade a modo de chaqueta aberta pola parte dianteira, ben por botóns ou no seu caso por corchetes, sendo estes últimos máis resistentes aos lavados. Dita uniformidade é abotonable ata ao pescozo sin ningún problema. Xúntase unha foto a modo descriptivo.

Por outra banda, non entendemos moi ben, o motivo das uniformidades de cor para as distintas categorías profesionais, sendo este complexo hospitalario o único da rede sergas que o leva a cabo, cando sería máis barato, unha uniformidade igual para todo o persoal SERGAS e da mesma cor para todas as categorías profesionais, e a súa vez, menos clasista. Si o motivo é a identificación das categorías por cores, pensan vostedes que calqueira usuari@ fóra da rede profesional, é capaz de identificar máis de 8 cores como se contan neste complexo hospitalario?


Doutro xeito, o material é deteriorado moi facilmente cos lavados, non sendo necesario un número moi elevado para que se transparente e perda calidade.



Santiago de Compostela a 20 de Maio do 2020


Xabier Alvedro Álvarez




X.M. Marcote Baña